

un museo de película

Casa-Museo

EMILIA
PARDO
BAZÁN

foto portada: Moncho Iglesias

NADAL DE 2010

Un ano máis compartimos con todos vós un texto e unha imaxe relacionados coa Casa-Museo. Nesta ocasión seleccionamos, entre todas as actuacións que tiveron lugar ao longo do ano, a que está a suceder nestes momentos, quizais pola súa excepcionalidade.

O texto deste ano ten modos cinematográficos; son as primeiras escenas do guión para a película sobre Emilia Pardo Bazán que dirixe Zaza Ceballos. Un texto cheo de pinceladas reais, atraínte e ameno, que reproduce un retrato veraz da escritora, polo que mereceu a nosa colaboración. Deste xeito tamén, nesa fiestra aberta aos espectadores, neste soporte diferente, quedará inmortalizada a súa Casa.

Se un museo é o pazo das musas, este foi durante uns días a residencia de todas elas, convocadas para darlle vida ao universo íntimo de Pardo Bazán.

Grazas, un ano máis, pola vosa compañía. **Boas festas.**

Xulia Santiso. Conservadora da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán

**MADRID. UNIVERSIDADE. CORREDOR, INT./DÍA
(FLASHFORWARD)**

Un bedel carga uns libros. Tras o montón repara nos pés dunha muller maior que, axudada polo seu bastón, sobe as escaleiras.


BEDEL: Dona Emilia, espere!

Os pés de Emilia camiñan renqueantes pero imparables, co bastón golpeando ao compás.

O bedel deixa como pode os libros nunha mesiña e rosma para si.

BEDEL (CONT´D): A ver como llo digo eu agora!





O bedel comeza a subir as escaleiras.

BEDEL (CONT´D): Señora condesa! Señora condesa!

Señora Condesa!!

A CORUÑA. RÚAS. EXT./ DÍA

Sobre o off da voz do bedel chamando a Dona Emilia, uns pés camiñan con moita présa pola rúa.

A CORUÑA. XANEIRO 1884

Nunha poza, reflíctense as galerías da Coruña. Os pés de Emilia pisan a poza, sobre a poza,

TÍTULO:

**A CONDESA REBELDE.
EMILIA PARDO BAZÁN.**



TABERNAS. SALA 1. INT./DÍA

Dona Amalia borda. Don José está a examinar a correspondencia. Pepe está a ler un xornal. El imparcial.

PEPE: Mais críticas a La tribuna

Dona Amalia mira para o seu esposo sen deixar de bordar. Pepe pasa unha páxina e fica coa mirada fixa nun artigo.

DON JOSÉ: Xa pasamos por iso con La cuestión palpitante. Non é novo.

PEPE: Esta vez é peor. Esta novela está a ser un escándalo maiúsculo.

Don José cala por non discutir e segue mirando a correspondencia. Dona Amalia non perde detalle dos xestos dun e doutro, mentres borda. Pepe xa non pode calar máis, fala sen parar.



PEPE: E Emilia nin se inmuta. Teño que ser eu quen defenda a súa honorabilidade...

DON JOSÉ: (Interrompéndoo, enfadado). É o teu deber de esposo.

PEPE: E o seu deber de esposa debería ser non causarme máis quebradeiros de cabeza.

DON JOSÉ (Enfadado): Ela non os busca.

PEPE: Nin os evita. A boa fama non é todo, nunha cidade coma esta. Con que retirase o libro e pedise desculpas...

Don José, que está revisando unhas cartas, resiste a tentación de replicar, queda inmóbil. Dona Amalia queda en suspense coa agulla no aire e mira para don José. Finalmente, este replica en ton conciliador.

DON JOSÉ: Mira isto, Pepe. Carta de Clarín, carta de Pereda, carta de Menéndez Pelayo...

6 As mellores plumas do país admiran o traballo da miña filla... e ti non podes facer o mesmo?



PEPE: Estou orgulloso dela, claro que si. O me que irrita é que lle dea máis valor ao seu traballo que ao meu bo nome.

Don José golpea a mesa coas cartas e ponas sobre dela furioso. Dona Amalia, facendo un esforzo, segue a bordar e con voz queda diríxese ao seu esposo.

DONA AMALIA: Non tiñas que ir visitar os Echeverría, José?

Don José mira para ela, e obediente, levántase e vai cara á porta.

DON JOSÉ: (Polo baixo) Será o mellor.

Don José sae. Pepe, inquedo pola discusión, mira para Amalia, que reemprende o bordado e non levanta a cabeza do labor.


DONA AMALIA: Hai moito tempo que non facedes unha viaxe fóra da Coruña, Pepe. E conviríavos.

PEPE: Teño moitas obrigas que atender e pouco tempo para frivolidades. Pepe mira o reloxo.

PEPE (CONT´D): Mire que horas son xa e Emilia sen aparecer. Deus sabe onde andará.

A CORUÑA. RÚAS. EXT./DÍA

Os pés de dona Emilia seguen camiñando con présa.
Un carro que pasa cerca salpícalle os zapatos e o baixo do
vestido. Unha man sacode a saia do vestido para facer
escorregar a auga que o mollou.




A CORUÑA. LIBRERÍA. INT./DÍA

Os pés de Emilia entran na librería e as mans aínda sacoden a saia, que ten o baixo mollado. O paraugas entra no paraugueiro, Mariana está fronte ao seu pai, plumeiro na man, mirándoo seria, aínda que sen inmutarse polo mar humor del.

LIBREIRO. (OFF): E se foses unha boa filla, non me darías estes desgustos.

MARIANA (OFF): Si, papá, pero...

LIBREIRO (OFF): Nin pero, nin sopas...



Emilia achégase ao mostrador, deixa o bolso encima, facendo algo de ruído. Manolo mira para ela.

LIBREIRO (CONT´D): Dona Emilia, que se lle ofrece hoxe?

O libreiro achégase ao mostrador. A súa filla Mariana queda limpando os libros co plumeiro.

EMILIA: A Revista de España, se me fai o favor.

O libreiro saca a revista de debaixo do mostrador.

LIBREIRO: Aquí a ten.

EMILIA: Chegoulle xa o meu último libro?

LIBREIRO: Que libro?

EMILIA: Non se faga o distraído, Manolo. La Tribuna. Chegoulle ou non?

10 Manolo saca uns cantos exemplares de debaixo do mostrador.



LIBREIRO: Si, xa chegou (cun resollo). Vaia xoia

EMILIA: Non lle gustou?

LIBREIRO: Parece mentira que vostede sexa unha señora de boa familia católica e escriba as cousas que escribe.

EMILIA: (Rindo) Por Deus, nin que fose un panfleto anarquista.

LIBREIRO: Peor. Que clase de literatura é a que se deleita narrando as miserias da vida obreira?

EMILIA: A única que merece a pena. A que conta a realidade da vida

LIBREIRO: Unha realidade que non ten o menor valor estético.

EMILIA: Despreza vostede entón a Zola, a Balzac, a Stendhal?

LIBREIRO: A Stendhal aínda lle paso algunhas cousas, pero a Zola non hai por onde collelo.




EMILIA: (Rindo sen querer) Que vocación de inquisidor ten vostede. Manolo, poña o meu libro á vista e venda moitos exemplares.

LIBREIRO: (Enfadado) Seguro que si. Non hai coma un bo escándalo para vender moitos libros.

Manolo resolla e marcha para a trastenda. Emilia mira a Mariana, que non perde detalle da conversa, pero disimula e faise a distraída mentres pasa o plumeiro sen moito entusiasmo.

EMILIA: **Xa sei que para irritar ao teu pai non fai falla moito, pero, porque che estaba a rifar?**

Mariana encóllese de ombros, desanimada. Pasa a man polo lombo dos exemplares de La Tribuna que quedaron sobre o mostrador.



MARIANA: Xa sabe vostede o que el pensa da educación feminina. Algo de poesía, piano e santas pascual, (sorrindo, pícara) E eu vou e dígolle que quero estudar letras.

EMILIA: (Divertida) Ti o que queres é matalo do desgustos! Só de verte co meu libro na man pódelle dar un patatús!

MARIANA: Non se preocupe, que o seu libro lino a escondidas.

EMILIA: (Admirada polo espírito de resistencia de Mariana) Liches La Tribuna?

MARIANA: Shhhhh.... (Asente. En voz baixa) Semella todo tan real...

Emilia sorri.

MARIANA (OFF) (CONT´D): Como sabe vostede tanto da vida das obreiras?

O off de Mariana encandéase con:

A CORUÑA. ALMACÉN FÁBRICA TABACO. INT./DÍA.
(FLASHBACK)

Intertítulo. FÁBRICA DE TABACO. A CORUÑA. 1883

Sobre o off da secuencia anterior EMILIA (trinta e dous anos aproximadamente) entra no almacén da Fábrica e intenta falar coas obreiras. A Encargada amósalle as que están cos nenos ao fondo. Vemos como as mulleres pasan ao seu lado e ignoran todo o que ela lles di. (Non se escoita).



En primeiro termo, a Encargada fala con outra obreira que acaba de achegárselle.


OBREIRA: Quen é a señorona esa?

ENCARGADA: (Encóllese de ombros) Semella que vai escribir un libro sobre unha obreira da Fábrica.

OBREIRA: (Desdeñosa) Debe estar aburrída de non ter que facer.

ENCARGADA: Seguramente. Máis lle valía volveuse para a casa, porque aquí ninguén lle vai facer caso. Xa me dirás de que vai falar unha rica de Tabernas cunha obreira do Campo da Leña.







Casa-Museo

EMILIA
PARDO
BAZÁN

